



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

CONVOCATORIA

De conformidade co establecido na Resolución do 19 de setembro de 2022 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, SECTOR DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS, segundo as seguintes normas:

Artigo 47.-

O representante do persoal de administración e servizos será elixido, cando corresponda polo persoal que realiza no centro funcións desta natureza, sempre que estea vinculado a mesmo por relación xurídica, administrativa ou laboral, tendo todo o persoal que reúna os requisitos indicados a condición de elector ou elixible, debendo, en todo caso presenta-la oportuna candidatura perante a xunta electoral.

Artigo 48.-

Para a elección do citado representante constituirase unha mesa electoral integrada pola directora, que actuará como presidenta, a secretaria do centro e o membro do citado persoal de maior idade.

A campaña electoral comprenderá dende o 21 ao 25 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES.

As votacións realizaranse neste **IES o día 28 de novembro**, de 13'45 a 14'30 horas. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 13:30 horas.

Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo 1 nome dos candidatos presentados. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

O Carballiño, 3 de novembro de 2022

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Almudena Mosquera Fernández